



## BASES XERAIS DE AXUDAS EN MATERIA DE INFANCIA 2016

### **Base 1: Requisitos:**

As axudas poderán ser solicitadas polas familias de menores que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado/a no Concello de Piñor durante un mínimo de 1 ano anterior á data da solicitude.
2. Estar inscrito/a e acudir a un servizo de atención á infancia (PAI ou gardería) ou ser alumno/a de Educación Infantil.
3. Non superar o baremo de ingresos establecidos na base 3.

### **Base 2: Documentación necesaria**

1. As solicitudes presentaranse nos modelos que o propio Concello facilitará e que tamén se poderán descargar da páxina web [www.piñor.es](http://www.piñor.es)
2. As solicitudes (debidamente cubertas e asinadas) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

#### Categoría A: axudas para PAI e gardería.

- Certificado do centro onde acude o/a menor (elaborado e asinado polo/a director/a do centro, no que debe constar o custe mensual que supón o servizo para a familia así como a asistencia continuada do mesmo).

#### Categoría B: Axudas para a adquisición de libros para alumnado de Educación Infantil

- Certificado do centro onde acude o/a menor (elaborado e asinado polo/a director/a do centro, no que debe constar a asistencia continuada do/a alumno/a).

#### Ambas categorías:

- Fotocopia do DNI, non caducado, do/a solicitante (pai, nai ou titor/a).
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar.
- Carné de familia numerosa (de ser o caso).
- Fotocopia compulsada da declaración da renda e patrimonio ou documento acreditativo de non estar obrigado a facela (certificado de imputacións) referida ó ano 2015 (de non quedar suficientemente acreditados os ingresos, poderase requirir outra documentación xustificativa).
- Os documentos que xa obren no poder do concello, non será necesario aportalos.

### **Base 3: Umbral de renda familiar:**

Para poder optar a estas axudas a renda per cápita anual non poderá exceder dos 4.000 € por membro da unidade familiar. Considéranse membros computables da unidade familiar todas as



persoas que residan no mesmo domicilio familiar (a convivencia será comprobada de forma interna mediante o Padrón municipal de habitantes).

A ocultación de calquera fonte de ingreso, renda ou elemento patrimonial dará lugar á denegación da axuda solicitada ou á modificación da resolución de concesión.

#### **Base 4: Contía das axudas**

As axudas están clasificadas en dúas categorías:

- Categoría A: Axudas para PAI e gardería. **Contía: pago único de 120€.**
- Categoría B: Axudas para a adquisición de libros para alumnado de Educación Infantil.  
**Contía: pago único de 50 €.**

#### **Base 5: Prazo de presentación:**

O prazo para a presentación de solicitudes será **ata o 30 de setembro do 2016**. O impreso de solicitude, xunto co resto de documentación citada anteriormente, presentárase na oficina de Servizos Sociais do Concello, dende as 8:00 ás 14:30 horas, de luns a venres.

#### **Base 8: Resolución, xustificación e pagamento**

As bases estarán expostas ó público no taboleiro e na páxina web do concello durante 5 días hábiles, a efectos de posibles reclamacións contra as mesmas.

Rematado o prazo de solicitude procederase á revisión dos expedientes e expoñeráse publicamente a lista provisional de expedientes admitidos e excluídos, establecendo un prazo de 5 días hábiles para alegacións e emendas de documentación. Seguidamente expoñeráse a lista definitiva, coas resolucións favorables e desfavorables, contra a que se pode presentar recurso potestativo de reposición.

**A comisión de valoración estará formada polo Alcalde, o Concelleiro de Servizos Sociais e Sociosanitarios, a Traballadora Social e a Secretaria.**

O pagamento das axudas farase mediante a entrega de cheque bancario a nome da persoa solicitante. No caso das axudas da categoría A, destinadas a gardería ou PAI, será preciso a xustificación do gasto de forma previa ó pagamento (facturas efectivamente pagadas dun custe igual ou superior á axuda concedida, co concepto para o cal se concedeu).

Recordar que no caso de recibir algunha axuda para a mesma finalidade, a persoa beneficiaria debe comunicalo, perdendo o dereito ás axudas ó abeiro desta convocatoria e podéndose solicitar o reintegro da mesma.

Piñor, 13 de setembro de 2016.

  
José Luís González Rodríguez  
Alcalde do Concello de Piñor